

El Correo Gallego.es

Opinión > Firmas

ARREDOR DO MUNDO

Poesía en Becerreá

XOSÉ NEIRA VILAS

Convidáronnos para entregar en Becerreá os premios do Certame Literario A Pipa, da Alta Montaña Luguesa. Foi unha gran noite poética. Saben facer as cousas os amigos que animan a Asociación Cultural que patrocina este evento anual, e en primeiro lugar o seu presidente, Afonso Becerra, profesor da Escola Superior Galega de Arte Dramática, con sede en Vigo, e autor de obras como *Rexurdimento* e *Agnus patris*.

O actor Daniel Salgado escenificou un monólogo baseado en *Memorias dun neno labrego*, e a actriz Laura Cuervo, ademais de dicir o poema de Anisia *A araña tece*, mostrou o seu contido nunha impecable expresión corporal.

Sustivemos un interesante coloquio cos asistentes que entre cousas preguntaron por Fuco Gómez, emigrante da parroquia de Ouselle a quen tratei moito na Habana. Fuco emigrara de polisón, analfabeto, cando era adolescente chegou a publicar uns nove libros, en galego e en castelán, ademais de dirixir a revista *Patria galega*.

A Asociación Cultural A Pipa naceu hai vinte anos. Cóntame Afonso Becerra que ese nome está baseado no poema *A Pipa do avó*, de Helena Villar Janeiro, poeta e docente becerrense. Uns versos dos que gustaron moito os rapaces, e por eso, con dez ou doce anos de idade crearon un grupo así denominado. Naceu logo a Asociación, e entre outras actividades fixeron teatro. Levaron á escena *A petición de man*, de Chejov, *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao, e outras pezas. E ata fixeron unha adaptación escénica do meu relato para nenos *A marela taravela*.

Aqueles cativos da Pipa andan polos trinta anos. O seu labor cultural multiplícase e transcende, e un dos seus exitosos programas é o da Noite Poética, que celebran anualmente nos últimos días de decembro. Entre outros teñen presidido estes actos Uxío Novoneira, Manuel María, Darío Xohán Cabana. Esta vez participamos nós.